

NON AOS CONCERTOS A CENTROS QUE SEGREGAN POR
RAZÓNS DE SEXO

**ADHÍRETE Á NOSA CAMPAÑA
ASINANDO NA NOSA WEB:**

<http://www.stegsindicato.org>

APOIA O NOSO MANIFESTO:

A nosa asesoría xurídica vén de estudar as últimas sentenzas sobre o recursos presentados contra estas prácticas noutros territorios do Estado Español para consolidar a viabilidade do recurso xudicial.

Logo deste estudo a conclusión é clara: a sentenza do Tribunal Supremo (abril do 2008) deulle a razón á Xunta de Castela-A Mancha que decidiu negarlle a posibilidade de subvención a estes colexios. Dita sentenza posibilita á Consellería de Educación a negarlles o concerto aos centros que segregan ao alumnado por cuestión de sexo, xa que deixa ao criterio dos territorios a súa concesión ou non. **É máis, a Consellería está a incumprir o seu propio Decreto de admisión de alumnado de marzo de 2007, segundo a cal, no artigo 2º.4 se di claramente que “en ningún caso habrá discriminación na admisión do alumnado por cuestión de sexo...”**

Trátase, polo tanto, dunha decisión política e a Consellería non tivo, ao igual que noutros casos anteriores, a coraxe de facer unha auténtica política progresista e de cambio. **Estamos, como xa dixemos, ante unha decisión política, que segue a favorecer un ensino ultraconservador e fomentador de valores e políticas contrarias ao espírito da LOE en todo o referido á coeducación.**

Se xa é inxustificábel o desvío de cartos públicos aos centros privados concertados, resulta máis alarmante a concesión de axudas a modelos discriminadores por razón de sexo.

Por este motivo o STEG solicita o teu apoio , adheríndote a este manifesto que faremos chegar á Consellería, para esixir a retirada das subvencións a estes colexios que discriminan por razón de sexo.

Adhesións ó manifesto na nosa web.